Cancioneiro da Ajuda

Transcrición e notas

Mariña Arbor Aldea

Virtual Center for the Study of Galician-Portuguese Lyric
Washington, DC
2015

A meus pais, por unha década de loita pola vida.
Porque, fóra do hospital, agardan os soños e os proxectos

A todo o persoal da Biblioteca da Ajuda, por tanto apoio
A Sónia Pascoal, por tanta xentileza

© 2015 Virtual Center for the Study of Galician-Portuguese Lyric

Un longo *iter*, un camiño cheo de pausas, máis ou menos longas, e de reinicios. Así se pode definir a historia do traballo que agora ofrecemos ao público e que circula entre colegas e amigos desde hai anos, como moi xenerosamente mostran as citas e referencias que a el fan nos seus estudos.

A nosa primeira aproximación ao *Cancioneiro da Ajuda* data de 2002, ano en que, grazas a unha bolsa de investigación de que gozamos durante apenas once meses no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, iniciamos a súa transcrición. A aquel traballo, interrompido polas nosas obrigas docentes, só volvemos anos máis tarde, en 2004, cando comezamos, mercé a unha bolsa posdoutoral da Università degli Studi di Padova (Italia), a reler a bibliografía publicada sobre o cancioneiro e a analizar algúns dos seus pormenores para preparar un estudo sobre este por encargo da Profesora Mercedes Brea (2005). O noso interese pola colectánea poética incrementouse cando, a finais do verán de 2004, recibimos unha chamada do Profesor Carlo Pulsoni, colega e grande amigo con quen traballabamos na Universidade patavina, que nos lía, desde Cracovia, uns versos dun manuscrito da Biblioteka Jagiellońska: tratábase dos versos iniciais de *A* que foran reproducidos nunha copia deste, a primeira que se fixo do códice lisboeta, en 1810. Os ensaios publicados en colaboración co Dr. Pulsoni sobre esta e outras copias do cancioneiro (2005, 2006), así como a formación adquirida en Padova e o contacto coa tradición filolóxica italiana, animáronnos a afrontar unha tarefa aínda non concluída: a edición crítica de *A* como manuscrito único (2004, 2009c).

Aínda que este proxecto non foi particularmente ben acollido por algúns sectores da crítica, non desistimos da nosa iniciativa e, en 2006, grazas a unha bolsa para estadías de investigación da Dirección Xeral de Investigación da Xunta de Galicia, traballamos durante un mes na Biblioteca da Ajuda (Lisboa), revisando sobre o orixinal manuscrito a transcrición que primeiro completaramos sobre o facsímile. En varios momentos posteriores volvemos a Lisboa, á Biblioteca que tan xenerosamente nos acolleu, en breves semanas: así fomos completando a transcrición, describindo o estado material do códice –que foi obxecto dun proceso de restauración máis ca discutible realizado entre os anos 1999 e 2000 nos laboratorios da Torre do Tombo (Lisboa)–, analizando a súa numeración, ou estudando, entre outros, a súa recepción entre os eruditos do Oitocentos.

Os anos de traballo «precario», a necesidade de abordarmos estudos unhas veces por invitación, outras para ir enchendo as páxinas dun *curriculum* que debía competir a altísimos niveis por contados contratos, ademais dos diferentes e duros avatares que foron marcando a nosa vida na última década, non sempre nos permitiron continuar co labor e co proxecto ini-

cial. Que non ficou á marxe é claro, pois moitas das nosas publicacións son, xustamente, o froito de nos preguntarmos unha e outra vez polo cancioneiro: polos datos que podían achegar as súas copias (2007, 2008b), pola súa historia editorial (2008c) e mais pola súa recepción (2008e), pola súa evolución material (2008a, 2009b), polas súas notas marxinais e pola relación destas co texto primario (2009a), pola súa numeración (2010), pola medida dos seus versos e polas relacións textuais que establece con *B* e *V* (2008d, 2012a, 2012b, 2012c, 2013) ou pola complexidade da súa estruturación como compilación poética (2014a, 2014b, 2015). Digamos que, aínda que andaramos embarcada noutros océanos, o mar inxente que constitúe o estudo de *A* seguía sempre presente, as carpetas de materiais acumuladas sobre a mesa.

Convencida de que publicar e posuír esta transcrición en soporte dixital podía ter o seu interese, e tras moitas dúbidas, decidimos que saíse á luz. Revisámola e confrontámola co orixinal, co seu facsímile (1994) –anterior, polo tanto, ao restauro, que limpou en exceso o manuscrito, facendo inapreciables algúns detalles– e coa edición de Henry H. Carter (2007 [1941]), unha e moitas veces. A transcrición está feita a ollo nu, sen apoio de instrumentos auxiliares, e, como todo produto humano, non está exenta de erros. Moitos deses erros serán nosos, outros teñen a súa orixe na falta dunha análise paleográfica completa de *A* que discrimine mans, revisores, correctores…, as sucesivas etapas, en definitiva, en que se constituíu o cancioneiro –pois varias son estas–, unha carencia que se evidencia nas múltiplas notas e nos múltiplos «talvez» que as acompañan nos nosos apuntamentos a rodapé. Porén, como *work in progress* que é, o erro, o non saber, non nos asusta: saberemos emendalos coas achegas da comunidade de estudosos que aman este cancioneiro, que aman a lírica galego-portuguesa.

Bertamiráns, 6 de abril de 2016

© 2015 Virtual Center for the Study of Galician-Portuguese Lyric

CRITERIOS DE PRESENTACIÓN DO TEXTO

© 2015 Virtual Center for the Study of Galician-Portuguese Lyric

Partindo do principio de que o elemento mínimo do sistema gráfico é o grafema (Sánchez-Prieto Borja 1988: 77), na transcrición do *Cancioneiro da Ajuda* que aquí ofrecemos situaremos o límite no nivel dos grafemas, evitando representar no texto as realizacións alográficas que non se corresponden con realizacións diferentes no plano fónico. Prescindiremos, ademais, de todos aqueles trazos que, se ben son característicos deste códice, non se sitúan no nivel grafemático, como a prolongación de determinadas letras ou os elementos empregados polo copista para completar a caixa de escritura. Tampouco se reproducen as numerosas liñas verticais que, nun material similar ao lapis, marcan o corte dos versos e que non sempre deron lugar ao trazado en tinta do punto correspondente.

Os criterios de presentación do texto que seguimos son estes:

Abreviaturas. Non se desenvolven as abreviaturas, xa que consideramos que a resolución destas, aínda cando se sinale en itálica, «no satisface del todo la exigencia de coherencia crítica en la transcripción paleográfica», como indica Pedro Sánchez-Prieto Borja (1988: 91). Este criterio obríganos a distinguir, unha vez valoradas as características dos textos, entre signos que constitúen unha verdadeira abreviatura e aqueles que teñen carácter expletivo (Sánchez-Prieto Borja 1988: 93, n. 11), como o punto que coroa o *y* –que Henry H. Carter (2007 [1941] marca sistematicamente como *y*◑–. Dado que este elemento ten en orixe finalidade diacrítica, non se reproducirá na transcrición.

No que se refire ao lugar que ocupan as abreviaturas, debe terse en conta que o til de nasalidade ou a marca de abreviación se transcriben sobre o elemento ao que aparecen sobrepostos. En determinados casos, a abreviatura, que comeza nun determinado grafema, desprázase cara á dereita: nese caso colocámola sobre o elemento en que se inicia a súa escrita.

Por outra parte, e en relación á variedade de formas que presentan os signos abreviativos, todos procedentes do sistema latino, recorremos, debido ao limitado número de signos dispoñibles nas fontes informáticas, a algunhas uniformizacións e a caracteres convencionais: os seus valores, porén, foron establecidos previamente nun estudo sistemático que publicamos en coautoría cos Profesores Alexandre Rodríguez Guerra e Xavier Varela (2014). Así, os distintos trazos horizontais curvados que representan unha vogal seguida –con menos frecuencia precedida– de *r*, cos valores *-ar*, *-er*, *-ir*, *-or*, *-ur*, *-ra*, ..., reprodúcense como →; o trazo vertical con valor de *-er*, *-ir* ou *-re* represéntase mediante ; a abreviatura similar a un *a* aberto, correspondente a *ua*, que remite ao *a* visigótico, transcríbese como ; o elemento que representa os valores *-os*, *-us* transcríbese como *9*; o signo tironiano para a cópula *e* márcase

con *τ*; para *pro*, faltando un carácter coa hasta tallada en diagonal, recorremos ao elemento grego *ρ*, e, para *q* con hasta cortada, servímonos de ϕ.

Grafías, unión e separación de palabras, puntuación. No que atinxe ás grafías, reflíctense na transcrición todas as particularidades do manuscrito, incluídas as duplicacións de grafemas. Para as maiúsculas e minúsculas, respéctase o uso do códice. Canto á unión e separación de palabras, consérvanse as secuencias gráficas deste –debe terse en conta, porén, que con frecuencia é moi difícil opor espazo á falta del, polo que, en determinadas ocorrencias a decisión adoptada pode ser discutible–. Nas formas ou secuencias iniciadas con capital ou maiúsculas adornadas, cando os elementos do vocábulo aparecen lixeiramente separados no códice mantémolos unidos (e viceversa). Hai que ter presente que, nestes casos, a separación ou unión se debe ao trazado da capital debuxada e ao axuste desta co texto. No que se refire aos signos de puntuación, os puntos transcríbense a seguir do elemento verbal precedente, sen espazo en branco anterior e deixando espazo antes do grafema ou da palabra seguintes.

Finalmente, na presente transcrición empregamos unha serie de elementos convencionais na práctica editorial para reflectir determinadas características da copia:

–indícase o folio coa abreviatura f., acompañada do número que corresponda e da indicación recto [f. 1r] ou verso [f. 1v]. As columnas refírense coas letras a e b [col. a], [col. b].

–as liñas de escrita márcanse co cambio de liña na transcrición, numerándose de cinco en cinco.

–os segmentos cancelados mediante fórmulas diversas –raspado, punto baixo ou anulación por trazo de pluma– insírense entre parénteses redondas ( ).

–as adicións na entreliña sinálanse entre \ /; as que se colocan na marxe dos versos, e que son contemporáneas da copia, transcríbense entre { } se estas foren da autoría do revisor, e con ‹ › se procederen da man do corrector (*cfr*. Pedro 2016 [2004]). Cando foren da responsabilidade dos copistas –notas técnicas como as letras de espera ou a apostila *fiinda*– ou non foren claramente identificables os autores dos apuntamentos –a escrita de *A* e as diferentes mans que participaron tanto na copia do cancioneiro como na súa revisión precisan aínda dun estudo completo–, estes transcribiranse sen marcas na marxe correspondente, acompañados do comentario oportuno. As notas tardías serán recollidas a pé de páxina.

–nas capitais e maiúsculas, cando se anotou a letra de espera, esta é transcrita entre parénteses cadradas: [A]; cando falta esta nota técnica márcase con [ ].

Por fin, e como criterio que debe guiar calquera transcrición paleográfica, limitámonos a reproducir o texto tal e como aparece no manuscrito, reservando as emendas para a edición crítica. En nota de rodapé ofrécense todos os comentarios que consideramos oportunos sobre

© 2015 Virtual Center for the Study of Galician-Portuguese Lyric

lecturas dubidosas, particularidades do soporte de escritura ou dúbidas de diversa índole. Nesas notas non se incluíron as variantes da edición de Carter nin as múltiplas referencias aos numerosísimos estudos publicados sobre *A* que poderían citarse e que incrementarían notablemente o aparato de comentarios. Si ofrecemos, nas páxinas finais deste volume, un bibliografía mínima para o estudo do cancioneiro: a súa consulta fornecerá outros títulos, que permitirán continuar as pescudas do lector interesado.

© 2015 Virtual Center for the Study of Galician-Portuguese Lyric



Cancioneiro da Ajuda, f. 4r (Lisboa, Biblioteca da Ajuda)

© 2015 Virtual Center for the Study of Galician-Portuguese Lyric

BIBLIOGRAFÍA

© 2015 Virtual Center for the Study of Galician-Portuguese Lyric

Arbor Aldea, M. (2004): «Editar *Ajuda*: principios teóricos para unha nova experiencia ecdótica», *O Cancioneiro da Ajuda, cen anos despois. Actas do Congreso realizado pola Dirección Xeral de Promoción Cultural en Santiago de Compostela e na Illa de San Simón os días 25-28 de maio de 2004*, coordinado por M. Brea, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, pp. 497-511.

———. (2005): «Os estudos sobre o *Cancioneiro da Ajuda*: un estado da cuestión», *Carolina Michaëlis e o Cancioneiro da Ajuda, hoxe*, coordinado por M. Brea, Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades-Xunta de Galicia, pp. 45-120.

———. (2007): «Notas para a historia do *Cancioneiro da Ajuda*: as copias dos folios de Évora (Lisboa, BN, Cod. 11191; Évora, BP, Ms. CXIV/2-34)», *Actas del XI Congreso Internacional de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval (Universidad de León, 20 al 24 de septiembre de 2005)*, edición al cuidado de A. López Castro y L. Cuesta Torre, León: Universidad de León, vol. I, pp. 217-227.

———. (2008a): *Cancioneiro da Ajuda*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

———. (2008b): «Notas para a historia do *Cancioneiro da Ajuda*. II. O Ms. Hc 380-776 (Hispanic Society of America, New York)», *A mi dizen quantos amigos ey. Homenaxe a Xosé Luis Couceiro*, edición ao coidado de E. Corral Díaz, L. Fontoira Suris e E. Moscoso Mato, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, pp. 45-56.

———. (2008c): «*Ogni edizione (critica) altro non è che un'ipotesi di lavoro*... As edicións do *Cancioneiro da Ajuda*», *Revista Eletrônica de Estudos Literários*, 4 [publicación electrónica da Universidade Federal do Estado do Espírito Santo, Brasil: http://www.prppg.ufes.br/ppgl/reel4/pdf/MarinaArborAldea.pdf].

———. (2008d): «Metro, lírica profana galego-portuguesa e práctica ecdótica: consideracións á luz do *Cancioneiro da Ajuda*», *A edición da Poesía Trobadoresca en Galiza*, edición de M. Ferreiro, C. P. Martínez Pereiro e L. Tato Fontaíña, A Coruña: Baía, pp. 9-38.

———. (2008e): «Los círculos eruditos de Lisboa, Évora y Porto en la primera mitad del siglo XIX. Notas sobre la recepción temprana del *Cancioneiro da Ajuda*», *Limite. Revista de Estudios Portugueses y de la Lusofonía*, II, pp. 47-78.

© 2015 Virtual Center for the Study of Galician-Portuguese Lyric

Arbor Aldea, M. (2009a): «Escribir nas marxes, completar o texto: as notas ós versos do *Cancioneiro da Ajuda*», *Pola melhor dona de quantas fez nostro Senhor. Homenaxe á profesora Giulia Lanciani*, coordinado por M. Brea, Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades-Xunta de Galicia, pp. 49-72.

———. (2009b): «Un códice de historia material compleja: el *Cancioneiro da Ajuda*», *Revista de Literatura Medieval*, XXI, pp. 77-124.

———. (2009c): «Unha edición "de cancioneiro": problemas e solucións (posibles) (*Cancioneiro da Ajuda*, Lisboa)», *XIII Congreso Internacional de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval*, Valladolid, 15-19 de septiembre de 2009 [comunicación non publicada nas Actas].

———. (2010): «A propósito de la numeración del *Cancioneiro da Ajuda*. Notas complementarias», *Cancioneros peninsulares*, edición de V. Beltrán y J. Paredes, Granada: Universidad de Granada, pp. 9-29.

———. (2012a): «*A* fronte a *B,V*: *res metrica* e *varia lectio* (I)», *Literatura medieval y renacentista en España: Líneas y pautas*, edición al cuidado de N. Fernández Rodríguez y M. Fernández Ferreiro, Salamanca: La Semyr, pp. 363-376.

———. (2012b): «*A* fronte a *B,V*: *res metrica* e *varia lectio* (II)», *Estudios de literatura medieval. 25 años de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval*, editoras A. Martínez Pérez y A. L. Vaquero Escudero, Murcia: Universidad de Murcia, pp. 159-170.

———. (2012c): «*Mais* bisílabo? Notas á marxe do *Cancioneiro da Ajuda*», *El texto medieval: de la edición a la interpretación. Verba. Anexo 68*, edición al cuidado de P. Lorenzo Gradín y S. Marcenaro, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, pp. 159-194.

———. (2013): «Del texto manuscrito al texto crítico: la cuestión métrica», *XXVII*^{e} *Congrès international de linguistique et de philologie romanes* (Nancy, 15 au 20 juillet 2013) [comunicación non publicada nas Actas].

———. (2014a): «Da lección manuscrita á lectura crítica: gramática histórica, constitutio e *interpretatio textus*», *Lingua, texto, diacronía. Estudos de lingüística histórica*, edición de L. Eirín García e X. López Viñas, A Coruña: Universidade da Coruña, pp. 9-31.

———. (2014b): «La tradición fluida: Pai Gomez Charinho», *IV Congreso Internacional de la Asociación Convivio para el estudio de los Cancioneros y de la Poesía de Cancionero* (Rennes, 11-13 de septiembre de 2014) [no prelo].

———. (2015): «*Variae lectiones* en la tradición manuscrita gallego-portuguesa: ¿divergencias solo textuales?», *I confini della lirica. Tempi, luoghi, tradizione della poesia romanza*, Firenze: SISMEL-Edizioni del Galluzzo [no prelo].

© 2015 Virtual Center for the Study of Galician-Portuguese Lyric

Arbor Aldea, M.-Canettieri, P.-Pulsoni, C. (2004), «Le forme metriche del C*ancioneiro da Ajuda*», *O Cancioneiro da Ajuda, cen anos despois. Actas do Congreso realizado pola Dirección Xeral de Promoción Cultural en Santiago de Compostela e na Illa de San Simón os días 25-28 de maio de 2004*, coordinado por M. Brea, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, pp. 145-75.

Arbor Aldea, M.-Pulsoni, C. (2005): «Il *Cancioneiro da Ajuda* prima di Carolina Michaëlis (1904)», *Critica del testo*, VII/2, pp. 721-789.

Arbor Aldea, M.-Pulsoni, C. (2006): «Per la storia del *Cancioneiro da Ajuda:* 1. Dalla sua compilazione a Ribeiro dos Santos», *La parola del testo*, X/1, pp. 59-117.

Arbor Aldea, M.-Rodríguez Guerra, A.-Varela, X. (2014): «As abreviaturas no *Cancioneiro da Ajuda*: tipos, valores e distribución», *Revista Galega de Filoloxía*, XV, pp. 11-51.

Brea, M. (coord.) (2004): *O Cancioneiro da Ajuda, cen anos despois. Actas do Congreso realizado pola Dirección Xeral de Promoción Cultural en Santiago de Compostela e na Illa de San Simón os días 25-28 de maio de 2004*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

———. (coord.) (2005): *Carolina Michaëlis e o Cancioneiro da Ajuda, hoxe*, Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades-Xunta de Galicia.

Carter, H. H. (1941), *Cancioneiro da Ajuda. A Diplomatic Edition*, New York-London: Modern Language Association of America-Oxford University Press [reprint, New York: Kraus Reprint Co., 1975; Lisboa: Imprensa Nacional-Casa da Moeda, 2007].

Castro, I. (2016): «O *Cancioneiro da Ajuda* e as suas edições», *À volta do Cancioneiro da Ajuda. Actas do Colóquio* "Cancioneiro da Ajuda *(1904-2004)"*, coordenação de M. A. Ramos e T. Amado, Lisboa: Imprensa Nacional Casa da Moeda (E-Book).

Fragmento do Nobiliário do Conde Dom Pedro. Cancioneiro da Ajuda. Edição fac-similada do códice existente na Biblioteca da Ajuda, apresentação de M. C. de Matos, N. S. Pinheiro e F. G. Cunha Leão; estudos de J. V. de Pina Martins, M. A. Ramos e F. G. Cunha Leão, Lisboa: Edições Távola Redonda, Instituto Português do Património Arquitectónico e Arqueológico, Biblioteca da Ajuda, 1994.

Gonçalves, E. (1993b), *s.v.* «Tradição manuscrita da poesia lírica», *Dicionário da Literatura Medieval Galega e Portuguesa*, organização e coordenação de G. Lanciani e G. Tavani, Lisboa: Caminho, pp. 627-632.

Lanciani, G.-Tavani, G. (coords.) (1993): *Dicionário da Literatura Medieval Galega e Portuguesa*, Lisboa: Caminho.

López Martínez, M. S.-Moscoso Mato, E. (2007): «Morfoloxía do *Cancioneiro da Ajuda*», *Na nosa lyngoage galega. A emerxencia do galego como lingua escrita na Idade Media*, edición de A. I. Boullón Agrelo, Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega-Consello da Cultura Galega, pp. 557-577.

Pedro, S. Tavares (2016), «Análise paleográfica das anotações marginais e finais no *Cancioneiro da Ajuda*», *À volta do Cancioneiro da Ajuda. Actas do Colóquio "*Cancioneiro da Ajuda *(1904-2004)"*, coordenação de M. A. Ramos e T. Amado, Lisboa: Imprensa Nacional Casa da Moeda (E-Book).

Ramos, M. A. (1984): «A transcrição das fiindas no Cancioneiro da Ajuda», *Boletim de Filologia*, XXIX/II, pp. 11-22.

———. (1985): «Novas observações sobre o sistema de numeração do Cancioneiro da Ajuda», *Boletim de Filologia*, XXX, pp. 33-46.

———. (1986a): «L'eloquence des blancs dans le Chansonnier d'Ajuda», *Actes du XVII^e^ Congrès International de Linguistique et Philologie Romanes (Aix-en-Provence, 29 aout-3 septembre 1983)*, Aix-en-Provence, Université de Provence, vol. VIII, pp. 215-224.

———. (1986b): «O retorno da *Guarvaya* ao Paay», *Cultura Neolatina*, XLVI/1-4, pp. 161-175.

———. (1988): «Tradições gráficas nos manuscritos da lírica galego-portuguesa», *Actes du XVIII^e^ Congrès International de Linguistique et de Philologie Romanes, Université de Trèves (Trier) 1986*, publiés par D. Kremer, Tübingen: Max Niemeyer Verlag, vol. VI, pp. 37-48.

———. (1993): «L'importance des corrections marginales dans le Chansonnier d'Ajuda», *Actes du XX^e^ Congrès International de Linguistique et Philologie Romanes, Université de Zurich (6-11 avril 1992)*, publiés par G. Hilty, Tübingen: Francke Verlag, vol. V, pp. 141-152.

———. (1994): «O Cancioneiro da Ajuda. História do manuscrito, descrição e problemas», *Fragmento do Nobiliário do Conde Dom Pedro. Cancioneiro da Ajuda. Edição fac-similada do códice existente na Biblioteca da Ajuda*, Lisboa: Edições Távola Redonda, Instituto Português do Património Arquitectónico e Arqueológico, Biblioteca da Ajuda, pp. 27-47.

———. (1995): «A separação silábica na cópia da poesia lírica galego-portuguesa: outro indício de antecedentes musicais», *Miscelânea de Estudos Lingüísticos, Filológicos e Literários in Memoriam Celso Cunha*, organização e coordenação de C. da Cunha Pereira e P. R. Dias Pereira, Rio de Janeiro: Nova Fronteira, pp. 703-719.

© 2015 Virtual Center for the Study of Galician-Portuguese Lyric

Ramos, M. A. (1999): «*Invoco el rrey Dom Denis*... Pedro Homem e o *Cancioneiro da Ajuda*», *Actes del VII Congrés de l'Associació Hispànica de Literatura Medieval (Castelló de la Plana, 22-26 de setembre de 1997)*, editors S. Fortuño Llorens i T. Martínez Romero, Castelló de la Plana: Publicacions de la Universitat Jaume I, vol. I, pp. 127-185.

———. (2001): «Homens e Cancioneiros em Évora», *Canzonieri iberici*, edición al cuidado de P. Botta, C. Parrilla e I. Pérez Pascual, Padova-A Coruña: Università di Padova-Toxosoutos-Universidade da Coruña, vol. I, pp. 169-216.

———. (2004): «O cancioneiro ideal de D. Carolina», *O Cancioneiro da Ajuda, cen anos despois. Actas do Congreso realizado pola Dirección Xeral de Promoción Cultural en Santiago de Compostela e na Illa de San Simón os días 25-28 de maio de 2004*, coordinado por M. Brea, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, pp. 13-40.

———. (2005a): «"Mise en texte" nos manuscritos da lírica galego-portuguesa», *Actes del X Congrés Internacional de l'Associació Hispànica de Literatura Medieval*, edició a cura de R. Alemany, J. L. Martos i J. M. Manzanaro, Alacant: Institut Interuniversitari de Filologia Valenciana, vol. III, pp. 1335-1353.

———. (2005b): «*Letras perfeytas*? Grafias entre manuscritos e impressos», *Filologia dei Testi a Stampa (Area Iberica)*, a cura di P. Botta, Modena: Mucchi Editore, pp. 381-405.

———. (2006): «Fragmentos na lírica galego-portuguesa», *Studi di Filologia romanza offerti a Valeria Bertolucci Pizzorusso*, a cura di P. G. Beltrami, M. G. Capusso, F. Cigni e S. Vatteroni, Pisa: Pacini Editore, vol. II, pp. 1343-367.

———. (2007): «A edição diplomática do *Cancioneiro da Ajuda*», *Cancioneiro da Ajuda. Reimpressão da Edição Diplomática de Henry H. Carter*, Lisboa: Imprensa Nacional-Casa da Moeda, pp. 7-37.

———. (2008): *O* Cancioneiro da Ajuda*: confecção e escrita*, dissertação apresentada para obtenção do Grau de Doutor em Linguística Portuguesa-Linguística Histórica na Universidade de Lisboa, Lisboa: Universidade de Lisboa, 2 vols.

———. (2009): «La genesi di un canzoniere: copisti e dinamica testuale», *La lirica romanza del Medioevo: storia, tradizioni, interpretazioni. Atti del VI convegno triennale della Società di Filología Romanza, (Padova-Stra, 27 settembre-1 ottobre 2006)*, a cura di F. Brugnolo e F. Gambino, Padova: Unipress, pp. 473-92.

Ramos, M. A.-Amado, T. (coords.) (2016): *À volta do Cancioneiro da Ajuda. Actas do Colóquio «*Cancioneiro da Ajuda *(1904-2004)»*, Lisboa: Imprensa Nacional Casa da Moeda (E-Book).

Ramos, M. A.-Oliveira, A. Resende de (1993): s.v. «Cancioneiro da Ajuda», *Dicionário da Literatura Medieval Galega e Portuguesa*, organização e coordenação de G. Lanciani e G. Tavani, Lisboa, Caminho, pp. 115-118.

Rodríguez Guerra, A. (2013): «Unha corrección marxinal do *Cancioneiro da Ajuda* nada marxinal», *Revista Galega de Filoloxía*, XIV, pp. 161-199.

Rodríguez Guerra, A.-Varela, X. (2007): «As grafías no *Cancioneiro da Ajuda*», *Na nosa lyngoage galega. A emerxencia do galego como lingua escrita na Idade Media*, edición de A. I. Boullón Agrelo, Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega-Consello da Cultura Galega, pp. 473-556.

Sánchez-Prieto Borja, P. (1998): *Cómo editar los textos medievales. Criterios para su presentación gráfica*, Madrid: Arco Libros.

Stuart, Ch. (1823): *Fragmentos de hum Cancioneiro inedito que se acha na Livraria do Real Collegio dos Nobres de Lisboa, impresso á custa de ---, socio da Academia Real de Lisboa*, Paris: No Paço de Sua Magestade Brittanica.

Tavani, G. (1969): *Poesia del Duecento nella Penisola Iberica. Problemi della lirica galego-portoghese*, Roma: Edizioni dell'Ateneo.

———. (1988): *Ensaios portugueses. Filologia e Linguística*, Lisboa: Imprensa Nacional-Casa da Moeda.

———. (2002): *Trovadores e jograis. Introdução à poesia medieval galego-portuguesa*, Lisboa: Caminho.

Varnhagen, F. A. de (1849): *Trovas e cantares de um codice do XIV seculo: ou antes, mui provavelmente, "o Livro das Cantigas" do Conde de Barcellos (Com dois fac-similes)*, Madrid: Na imprensa de D. Alexandro Gomes Fuentenebro.

———. (1850): *Post Scriptum. Notas*, Madrid.

———. (1868): *Novas paginas de notas ás "Trovas e cantares", isto é á edição de Madrid do Cancioneiro de Lisboa, attribuido ao Conde de Barcellos*, Viena.

Vasconcelos, C. Michaëlis de (1990): *Cancioneiro da Ajuda, reimpressão da edição de Halle (1904), acrescentada de um prefácio de Ivo Castro e do glossário das cantigas (Revista Lusitana, XXIII)*, Lisboa: Imprensa Nacional-Casa da Moeda, 2 vols.

TRANSCRICIÓN

[f. 1r] [col. a]

[lacuna][1]
guer uos me tollede este poder. que eu
ei de muito uiuer. ca mentreu tal poder
ouuer. de uiuer nunca perderei. esta coi
ta q̄ ogeu ey.[2] damor eno meu co
raçon.
Ca mia faz auer tal moller
que nunca mia ren de fazer
per q̄ eu ia possa p̄der
q̄ en quāteu uiuer poder
por esto a nō poderey
p̄der p̄ ren mais auerei
dela. mais cō mui gran razō.
Ca nō este cuita damor
ūa q̄ ome fillar uen
se ome leixa sen seu ben.
ou sen morte ou se faz mellor
mais semella muit outro mal.
e quen a esta cuita tal.
macar se morre nō lle p$^{\omega}$z[3].

SEnnor fremosa grand en ue[4]
ia ei eu atod ome que ueio morrer
e segud ora o meu cō̃oçer. en quant[5]

[f. 1r] [col. b]

este faço mui gran razon. ca ei por
uos eno meu coraçon.[6] tan gran cuita
que mil uezes meten. sennor sen
falla et sen todo sen e nō uus que
redes demin doer.
Pero sēnor uā ren u9 direi.
con tod estora nō ei eu poder
p̄ bōa fe de nullen ueia auer
anull ome de quantos uiuos sō.
mais façeu esto por q̄ sei ca nō.
uiue null ome q̄ de uos mais bē
aia de mi que nō ei de uos ren.
se nō quantora me oystes diz̃
E por q̄ sei tan ben p̄ bōa fe.
que nō sei cousa no mundo mellor
q̄ ia entanto comeu uiuo for
nulla cousa nō me pode guardar.
daq̄sta cuita que leuo leuar.
se eu de uos algun ben nō ouuer
eo q̄ mende guardar nō poder
ia me nō pode enal p̄star sēnor
Ca esta cuita sēnor tan g$^{\omega}$nd e.

[1] C. Michaëlis sinalou o inicio fragmentario do cancioneiro coa nota *1ª lacuna. Faltam provavelmente 3 ou 4 cadernos*.
[2] Desde o inicio da liña de escritura ata o punto (excluído), o texto foi corrixido; o pergamiño está raspado. Na marxe esquerda da columna quedan vestixios dunha nota que talvez foi empregada para corrixir a lección primitiva, anulándose despois.
[3] Entre este verso e o precedente, na marxe esquerda da columna, unha man tardía escribiu *diz ud̆ade*. Un ángulo agudo colocado tamén na marxe esquerda, sobre o límite superior da capital adornada, apunta cara ao último verso da cantiga.
[4] Na marxe esquerda do verso, a lapis, unha man de hoxe anotou *(66,2)*.
[5] O verso está afectado por unha mancha. Entre este verso e o precedente, na marxe esquerda da columna, unha man tardía escribiu *este avia ēveia / aos q̄ via morrer*.
[6] O punto está moi apagado; parece que foi raspado.

comeu uos dixe ia.[7] o e mayor
e ben creede q̄ nō e mēor
e ora por d's q̄ us fez falar[8]
muj ben sēnor. τ mui bē semellar
doede u9 de mi se u9 ρuguer
e seo fezerdes ia foy moller
que xe penso de sa alma peor.[9]

[f. 1v] [col. a]

SEnnor fremosa par deus gn^{ω}[10]
sazon seria ia agora se en prazer uos
caesse de quererdes prender doo de
min ca ben dela sazon. que uus eu
uj. τ que uusco falei deulo sabe ca
nunca deseiei. ben deste mundo se
o uosso non.
Ben deseiarei no meu coraçon.
en quāteu ia eno mundo uiuer
ca de prā u9 sei mayor ben querer[11]
de quātas cousas eno mundo son[12]
e de mais uā cousa uos direi.
no me q^{i}tara ren eu beno sei
(ę)[13] de uos q̄rer assi se morte nō
Ca de prā semend ouuesse aq^{i}tar
nulla cousa sen morte mia sēnor
quitar mendia. o mui gran sabor.
q̄ u9 ueio auer demalō̄gar.
de uos mui mais ca outrome poren.
mais mia senor direi u9 ū̄a ren.
nō uus ameu[14] por uos ar dessamar.
Beno creede mais por uos buscar
muito ƒuic enquanteu uiuo for
e por que u9 fez pareçer mellor
deus doutra dona e mellor falar.

[f. 1v] [col. b]

eelque[15] u9 tal fez semalgū̄ ben.
nō der deuos sēnor nō me de sen.
nen poder deuos porē̄ desamar.
Ca sei eu ben u outra ren nō iaz
ca me sera mia sēnor mais mest'
de ueer uus seend a uos ρuguer.
ca me sera o mayor ben q̄ faz
eeste mund ome outra moller.

[7] No manuscrito apréciase unha marca de punto; está acompañada por un pequeno trazo de tinta similar a unha plica, moi apagado.
[8] A tinta está esvaída. Talvez algún grafema do verso (en particular, o *s* de *us* é anómalo) foi corrixido.
[9] De man tardía, despois deste verso lese *esta tijnha ssua alma mall pensada*. Un ángulo agudo (unha punta de pluma), colocado debaixo da forma *esta*, sinala cara a esta apostila (e/ou tamén cara ao último verso da cantiga). Na marxe inferior do folio figura a nota *Ordem em que estão agora as paginas deste com relação a Stuart*. Escrita a lapis, talvez deba atribuírse a C. Michaëlis.
[10] Na marxe esquerda da columna de escritura, unha man tardía anotou *boa*.
[11] Na marxe esquerda do verso raspouse un segmento de texto. Sobre *u9* apréciase unha lineta, similar a unha marca de corrección, raspada.
[12] Na marxe esquerda do verso quedan vestixios dun fragmento de texto anulado mediante raspadura. A partir de *eno*, o verso foi corrixido; o pergamiño está raspado.
[13] O grafema subpunteado foi anulado, ademais, con dous trazos de pluma.
[14] En correspondencia con esta forma, o pergamiño parece raspado.
[15] Neste punto do texto o pergamiño presenta unha dobrez.

QVen oge mayor cuita ten da
mor eno seu coraçon de quantos del.
cuitados son. nr̄o sennor lle ponna
y. consello se a el ρuguer atal per que
lla tolla en.
E creed( )[16] ora hūa ren[17] {e}
ca nō ē outre se eu nō.[18]
q̄ mia tiue dela sazon.
q̄ eu pⁱm̂a mente uj.
p̱ bōa fe atal moller
q̄ da muj pouco ora porē.
Mais p̱o en quāteu uiuer
senp̂a ia mais amarei.
doutra cousa erogarei.
o mais q̄ eu poder rogar.
ade9 q̄ el mia leixe oyr.
falar. τ mia leixe ueer.
se o ele quiser fazer.
E logo eu cuita sentirei.
ca ynda uos mais direi.
log mia uerei aquitar
de nunca ia cuita sentir
enos dias que eu uiuer.

[f. 2r] [col.a]

OMe que gran ben quer moller.
gran dereit a de trist andar. ca sellela non
quer prestar al do mundo non lla mest̂.
mais que mester lle pod auer. o que
lle non pod toller. tal cuita como
sigo ten.
E se estomaq̄ d's quer.
p̱ algūa mētira dar.
dela ben. log[19] acuidar.
deu esto se scient ouuer.
ca ynda o a de p̱der.
e creo q̄ deu(p̱)[20] amorrer.
se o cuidar cō pesar en.
[E] tod ome q̄ se poder.
p̱ algūa guisa gʷrdar.
de nunca moll'r muit amar
fara bō sē seo fezer
q̄ en os dias q̄ uiuer.
q̄ pesar pode ia p̆nder.
eno mūdo p̱ outra ren
Mais q̄n sen bē gʷrdar qⁱser
guarde se ben de ir a logar
u ueia o bon semellar.
da mia señor selle de[9] der.
q̄ atal fez end o poder
ca se o uir log(ǫ)[21] a dauer.

[16] Anulado por raspadura un grafema (véxase nota seguinte).
[17] Despois da forma *creed* obsérvanse restos dun grafema cancelado. A partir da segunda vogal do verbo, o texto está escrito sobre raspadura; foi, polo tanto, corrixido.
[18] Na marxe esquerda do verso, no intercolumnio, figura unha cruz (x). Esta marca sinala, talvez, a existencia dunha dificultade no verso que non foi resolta.
[19] Sobre o último grafema deste vocábulo aprécianse dous trazos suaves, como de lapis.
[20] O carácter subpunteado foi anulado por raspadura.
[21] O carácter subpunteado foi anulado, ademais, cun trazo de pluma.

mui gran cuita se[22] neum ben.

[f. 2r] [col. b]

COmo uos sodes mia sennor mui
quit e de me ben fazer assi mar quiteu
de querer. al ben en quanteu uiuo for
se non uos. τ sei uā ren se me uos non
fazedes ben. nen eu non uos fazo prazer.
[E] per bōa fe mia sēnor
por quite me tenneu dauer.
uosso ben en quāteu uiuer
nen al en q̄ aia sabor.
mais uos enpreito sodes en
ca me u9 nō quiteu poren.
de uosso uassalo seer.
E quāteu p̄ndo mia sēnor
de uos quero uolo dizer
ei mui gran cuita de soffrer
ca nō prendo de uos mellor
e pois mia ssi de uos auen.
ome seria eu de mal sen.
se nō punnass(e)[23] en uos ueer.

UOs que miassi cuitades mia
sennor. que eu me quite de uus ben que
rer. de pran cuidades que algun poder ey eu[24].

[f. 2v] [col. a]

sennor de me uus en quitar ca uus por
al nono ides fazer mais auerdad[25] u9
quereu dizer este poder nunca mio
deus quis dar.
Mais se mio deus desse ora mia sēnor
e inda me poderia ualer.
ca log meu quitaria dauer
gran cuita τ de uus fazer pesar
mais o uosso fremoso pareçer.
q̄ eu por mi nō ouuer aueer.
me quitou ia de mio de[9] nūca dar.
E quitou me por senp̃ mia sēnor
p̲ bōa fe de nunca eu saber
sen ueer uus sēnor q̄ xe prazer.
e sēnor nō uolo quereu negar.
se uos demi nō q̇serdes doer.
ueer medes cedo por uos morrer
ca ia mend eu ueio de guisandar.
E se u9 digo pesar mia sēnor
nō me deuedes en culpa poer.[26]
ca entanto comeu pudesoffrer[27]
mia cuita nō u9 fuy dela falar

[22] Debaixo do grafema *e* aprécianse dúas pequenas liñas horizontais (=) trazadas nun material similar ao lapis que poderían chamar a atención para algún problema detectado na copia.
[23] O carácter foi anulado mediante raspadura.
[24] A partir de *que* (incluído) o verso foi corrixido; está escrito sobre raspadura.
[25] A vogal do artigo está afectada por unha mancha.
[26] Á esquerda do verso, na marxe, figura unha cruz (x), que talvez chama a atención sobre algún problema de copia.
[27] O pergamiño está raspado sobre a última vogal de *pude*. Talvez se efectuou, nese punto do verso, unha corrección. Na marxe esquerda da columna raspouse, seguramente, o texto que se empregou para realizar a emenda.

nē me soubende soo trameteR[28]
mais nō sei ora consello p̃nder
a esta cuitan q̄ me ueio andar

SE deus me ualla mia sennor
de grado querria saber. se auedes algū.

[f. 2v] [col. b]

sabor. en quanto mal mides fazer. ca
se sabor auedes y. gran ben per este
por a mi. mais poyleu non sei
que me ual.
E seede ora sabedor
do q̄ uus eu q̄ro diz̃.
ca me seria mui mellor
de senp̃ de uos mal p̃nder
se sabor ouuessedes y.
ca de p̃nder ia semp̃ assi.
de uos ben se u9 foss(e)[29] en mal.
E quen mia mi por de mal sen
mia sennor por esto teuer.
direilleu que faça por en.
nō façassi se non quisser.
ca ia eu senpre guardar mei.
dauer mais ben do q̄ ogei.
se p uosso mandado non.
E deus nunca me neun ben.
de seende auos nō prouguer
ca nē fara p nulla ren.
seo ante eu saber poder
ca de tal ben eu guardar mei.
e cō mia cuita me q̄rrei.
cōpoer cōmeu coraçon.

SE cuita grande (e) depesar non a[30]
oio meu coraçon. nulla mingua

[f. 3r] [col. a]

si deus manpar. e uedes sennor por que
non por que uus ueio en mi pder me
sura que tanto ualer sol sempre a quen
na deus quer dar.
E sēnor mais uus direi. en.
esso pouco que eu poder
uiuer no mūdo se q^{i}ser
deus. assi uiuerei por en.
e ta mal dia eu naçi.
por q̄ u9 fazedes por mi.
cousa q̄ uus nō esta ben.
E creo q̄ fara mal sen.
q̄n nunca gran fiuz ouuer.
en mesura dout^{ω} moller.
edirei u9 por q̄ mia uen.

[28] O pergamiño está raspado. A partir de *soube* (excluído) o verso foi corrixido. Na marxe esquerda da columna raspouse o texto que se utilizou para realizar a emenda. Sobre a forma pronominal *me* debeuse cancelar un punto, talvez abreviativo.
[29] O carácter subpunteado foi anulado mediante raspadura.
[30] O pergamiño está raspado. A partir de *grande* (excluído) o verso foi corrixido. Na marxe dereita da columna cancelouse o texto que se debeu empregar para realizar a emenda.

por q̄ me leixades assi.
morreR[31] e nō catades y.
mesura nē d's nē al ren.
E mia sēnor a meu cuidar
cousa faria sen razon.
eu se miassi fuesse cuitar.
cō mia mort enesta sazon.
q̄ me uos fazedes morreR[32]
se podess(˷)[33] en guissa seer.
q̄ mal nō u9 podesse estar.

Qve sen consello que uus mia
sennor. me en este mundo fazedes uj

[f. 3r] [col. b]

uer. e non atendeu mao pecado de
nunca y mais de[34] consell auer ca me
non sei sennor sen uosso ben. niun
consell e uiuassi poren. sen consello
e del desasperado.
E ora por d's q̄ u9 fez mellor
falar emais fremoso pareçer
doutra dona. τ mui mais loado
o uosso prez pelo mūdo seer.
pois ami contra uos mest̄. nō ten.
nulla cousa dizede me ūa ren.
que farei eu desaconsellado
E ia mend eu ben soo sabedor.
macar mio uos nō q̄irades diz̄
morrer catiuo desāp̄ado
e mia sēnor nō u9 deua praz̄
ca pois eu morrer log diralguen.
sēnor fremosa por q̄. τ por quen.[35]
eu fuy assi aa mort achegado.[36]
E ia entanto comeu uiuo for.
p̄ bōa fe ben me deu atēer.
por ome mui desauenturado
sēnor por q̄ me u9 d's fez ueer.
e nō por esto q̄ me por uos uen.
mais por q̄ ueio q̄ e uosso sen
p̄ meu preito mal enbaratado.

Tanto me sençora ia cuitado que

[f. 3v] [col. a]

eu ben cuido que poder non aia ren de me
ualer ca esta cuita mao pecado. tal me

[31] Mediante raspadura, anulouse un carácter no lugar que ocupa a maiúscula, que debeu ser trazada no momento de efectuarse a corrección para completar o espazo, grande, que quedaba no interior do verso. Tamén na marxe esquerda da columna o pergamiño está raspado; talvez se cancelou a variante que serviu para realizar a emenda.
[32] O pergamiño está raspado. A partir de *q̄* (excluído) todo o verso foi corrixido. Na marxe esquerda da columna o pergamiño está raspado, anulándose, talvez, a variante que se empregou para modificar o texto primitivo.
[33] Un carácter, previamente subpunteado, foi anulado mediante raspadura.
[34] Inicialmente, escribiuse *do*. No orixinal obsérvase que o segmento foi sometido a corrección: raspouse o *o* parcialmente e, nun segundo momento, trazouse a curvatura do *e*.
[35] Entre este verso e o precedente, no intercolumnio, unha man tardía anotou *boa*.
[36] O pergamiño está raspado. A partir de *aa* (incluído) o verso foi corrixido. Na marxe dereita da columna de escritura, o pergamiño está raspado (aínda é lexible un *a*); debeuse cancelar o texto que se empregou para realizar a emenda.

ten ia que non ei (~~eu~~)[37] sen de me temer
de neum mal. ne ar deseiar neun ben.
E pero nunca foi enpensado.
q̄ podesse eu p̱ ren ueer.
o q̄ me faz tal cuita auer.
p̱ q̄ en esto soo chegado.
e[38] inda uos mais direi en.
nunca del p^{i}x por quāto mal.
eu porel p̂ndo neun ben.
Ca nunca eu uj desq̄ fuy nado.
amor nen p̂ndi del prazer.
neno cuido nunca p̂nder.
del nē dal ca nō e (~~ia~~) guisado.
ca mor de prā ia men guisa ten.
q̄ me nō pode nuzer mal.
deste mundo nē p̂star ben.
Cassi faz mi desamp̱ado.
amor eno mundo uiuer.
de quāto ben deus q^{i}s fazer.
e p̱ bõa fe ia pelo grado
de mia sēnor p̱ que mest auen.
seu amor non faria mal.
a null ome nado nen ben.

QVero uus eu sennor gran ben
τ[39] non ei al de uos se non. muito mal

[f. 3v] [col. b]

si d's me p̱don. pero direi uus uā ren
todo uoleu cuyd a soffrer se menda[40] {o} ‹todo uoleu cuyd(o)[41]
a morte non toller. asofrer / semēda \a/ morte›
E creede que amin e[42] ‹creede que amj̄ e›
este mal q̄ me uos leuar.
fazedes de mia morte par.
p̱o sēnor p̱ bōa fe.
Todo uoleu cuidassoffrer.
E pois por ben que u9 eu sei.
querer me fazedes assi.
uiuer tan mal dia u9 uj.
p̱o uerdade uos direi
Todo uoleu cuido assoffrer.

PAr d's sennor sei eu mui ben
ca uus faço mui gran pesar. de que
uus sei tan muit amar. mais seo sei nō[43]
ar sei ren. Per qu endal possa fazer
en quanteu no mundo uiuer.
[E] pesa uus por q̄ nō ei.
eu poder no meu coraçon
damar mia sēnor se uos nō.

[37] Na marxe esquerda da columna de escritura apréciase un indicio, moi apagado, de texto. Parece unha marca de corrección, similar á que se localiza no verso antes da forma tachada, e un carácter, actualmente ilexible. Por debaixo do *u*, máis que o habitual punto que anula grafema, trazouse unha liña horizontal lixeiramente curvada.
[38] O grafema está escrito en tinta diferente, máis escura. Parece froito de corrección.
[39] Debaixo do signo tironiano aprécianse dous leves trazos realizados nun material similar ao lapis.
[40] O pergamiño está raspado en correspondencia con esta liña de escritura; o texto foi corrixido.
[41] A vogal foi anulada cun trazo de pluma.
[42] O pergamiño está raspado; o texto foi corrixido.
[43] Na marxe esquerda da columna, entre este verso e o precedente, unha man tardía escribiu *fazialhe pesar / este ē na m^{to} / amar*.

mais ꝑo u9 pesa nō sei.[44]

[pestana moderna; engadida durante o proceso
de restauración do códice, mide *ca*. 4 cms.]

[f. 4r] [col. a]

[miniatura]

QVero uus eu ora rogar
por deus que uus fez
mia sennor. non catedes o desamor
quem auedes nē[45] o pesar. que uus
eu faço en uus querer ben. τ deuede laso
ffrer. por deus e por me non matar.
[C]a nunca uos eu rogarei.
por outra ren mentreu uiuer
se nō que uus iac enpraçer.
por d's sēnor esto que sei.
que uus agora e pesar
ca uus pesa de uus amar.
e eu nō posso end al fazer.
{e} Ca se eu ouuess poder[46].
de qual dona quisess amar.
atal sēnor fora fillar.

[f. 4r] [col. b]

onde cuidasse ben auer
mais de uos nūca o cuidei.
auer sēnor mais auelei.
mentreu uiuer a deseiar.
[E] sabedes desque uus uj.
mia sēnor. senpreu deseiei.
o uosso ben. e uus neguei.
meu cor. dest euolencobrir[47].
mais agora ia ꝑ morrer
se u9 pesa. ou ꝑ uiuer.
se u9 ꝓuguer uolo direi.

DE quanteu sempre deseiei de
mia sēnor non end ei ren eo que[48]
muito re (~~ceу~~)[49]. de mia uījr todo mia {çeey}
uen. ca sempreu deseiei mais dal
que me pes apartir mey en.
[E] ia quem end a partir ei
esto podela ueer ben
q̄ muita guerra lle farei
por q̄ me faz ꝑtir daq̄n
ond eu sōo mui natural.
e sei lleu un seu ome atal.
q̄llauera morrer poren.
E nono pode defender
de morte se mi mal fez̄.

[44] Na marxe inferior dereita do folio C. Michaëlis sinalou *Segue-se a 2ª lacuna / Falta meia folha*.
[45] Sobre a vogal trazouse o punto abreviativo, que ou non se concluíu ou sufriu un deterioro posterior (non presenta recheo de tinta).
[46] Despois de *ouuess* apréciase unha marca que indica o punto do verso en que se debía inserir o elemento presente na marxe.
[47] Inicialmente escribiuse *uolon*; despois a segunda vogal reconduciuse cara a un *e*.
[48] O pergamiño está raspado. Desde *non* (excluído) ata o final da liña o texto foi corrixido.
[49] O segmento anulado está acompañado por un sinal de chamada que indica o punto do texto que debía emendarse.

ca uā morte ei eu dauer.
e pois eu a morrer ouuer.
toda uia pēnor querey
fillar por mi e tollerlley.
est ome por q̄ me mal q̄r
[E] pois lleu est ome toller.

[f. 4v] [col. a]

faça mela mal se poder.
enono podera fazer.
mais pod entēder se quiser
q̄ log eu g$^{\omega}$rdado serei.
dela. τ nona temerei
desquelleu esto feit ouuer.[50]

MVitas uezes en meu cuidar.
ei eu gran ben de mia sennor. et quāt
ali ei de sabor se miar torna pois en
pesar des que meu part e nulla ren[51]
me non fica da quel gran ben e nō
me sei consel lachar.
Nen acharei erguen cuidar
cōsellenq$^{\omega}$nteu uiuo for.
casi me ten forçad amor
q̄ me faz atal dona mar.
q̄ me q̄r mui g$^{\omega}$n mal poren.
e por q̄ nō sab amar ten.
q̄ nō pod om[52] amor forçar.
Mais amor a tan gran poder.
q̄ forçar pode quen quiser.
e pois que mia sēnor nō q̄r.[53]
esto damor p̱ ren creer
ia mais seu ben nō auerei
se nō assi como mio ei.
sempr en cuidal o poss(o̱)auer[54].
Ca d's me deu tan gran poder
q̄ mentre meu guardar poder.

[f. 4v] [col. b]

de fala domou de moller
q̄ nō poss este ben p̱der.
ca senpr en ela cuidarei.
e senpr en ela ia terrey.
o coraçon mentreu uiuer.

NOn me posseu sennor saluar.
que muyto ben nō deseiei auer de uos[55]
mays saluar mey que non cuydey end[56]
acabar mays do que uos q̄ro dizer cuydey[57]
uos sēnor aueer tanto bē ouuen cuydar[58]

[50] Na marxe esquerda da columna figura, en letra de man tardía, a nota *ora pois fazelho*.
[51] Na marxe esquerda da columna, entre este verso e o precedente, unha man tardía escribiu *beber sobre o cheiro*.
[52] Inicialmente escribiuse *em*. O grafema *e* foi, despois, corrixido.
[53] Entre este verso e o precedente, na marxe esquerda do folio, unha man tardía anotou *m^{to} pode alla fe*.
[54] O carácter subpunteado foi anulado, ademais, cun trazo de pluma.
[55] O pergamiño esta raspado. Todo o verso foi corrixido.
[56] O pergamiño esta raspado. Todo o verso foi corrixido.
[57] O pergamiño está raspado. O verso todo foi corrixido.

E diguest e por me g^{o}rdar.
dūa cousa q̄ u9 direi.
nē cuidedes q̄ al cuidei.
de uos mia sēnor a gāar.
senō q̄ podesse uiuer.
na tr̄a uosq̄ e d's poder.
me leix auer di sēprestar.
E de me poder. de negar.
sēpr a mui gran cuita q̄ ei.
por uos aas gentes q̄ sei.
q̄ punnā en adeuinnar.
fazenda dom e na saber.
e os q̄ esto uā fazer.
deulos leix end mal achar.[59]
E deulos leix assi ficar.
comeu sēnor sen uos fiq̄i.
u uos uj ir. e non ousei.
ir cō u9co[60] e de pesar.
ouuera porend a morrer.
tan graue me foy de soffrer.
de mauer de uos a quitar.

[f. 5r] [col. a]

AGora mei eu apartir. de mia sen
nor et auer ben me partirei poila nō
uir. mais per que m(ę)[61] aqueste mal
uen. entamāna cuita sera poren (~~co~~)
migo que morrera e nō se pode
guardar en.
E pois me dela faz partir
nō lle q̄ro ia soffrer ren.
nen quereu ela consentir.
quanto mal me faz eporen.
un uasalo soo q̄ a.
de prā de morte p̨dela
por esta cuita en que me ten.
Pero sei eu ca ren nō da.
ela poresto me p̨der.[62]
mais per sa morte sabera[63]
e selleu podesse al fazer.
por aq̄ste mal que me faz.
al lle faria mais nō praz
a d's dem endar o poder
E pois me d's poder nō da.
de me p̨ al ren defender.
estauerei a fazer ia
e ela ben pod entēder
que esta morte ben me iaz
ca nō posseu uiuer en paz
enquanto llest ome uiuer.[64]

[58] O pergamiño está raspado. O verso, con excepción do último vocábulo, foi corrixido. En correspondencia con estes catro versos, na marxe dereita da columna, escribíronse seis liñas de texto que, unha vez realizadas as correccións, foron raspadas. Entre este verso e o precedente, sempre na marxe dereita da columna de escritura, unha man tardía anotou *estaa bem satesfo*.
[59] Na marxe dereita da columna unha man tardía anotou *bofe ssy*.
[60] Esta forma foi corrixida. O pergamiño está raspado.
[61] O grafema subpunteado foi anulado, ademais, cun trazo de pluma.
[62] Na marxe esquerda da columna de escritura unha man tardía anotou *mas m^{to}*.
[63] O pergamiño está raspado. As tres palabras centrais do verso foron corrixidas.
[64] Na fin da columna de escritura unha man tardía anotou *matallo*.

[f. 5r] [col. b]

Muitos dizen que ꝑderan coita
damor sol per morrer e se uerdade
ben estan mais eu nono posso creer.
que ome ꝑdera per ren. coita damor
sen auer ben da dona quella faz auer.
E os que esto creud an.
d’s e q̄ queren mais uiuer.
pois q̄ dali ben nō estan.
onde querriā ben p̂nder.
e sobeio fazē mal sen.
ou de pran amor nonos ten.
en qual coita mī faz soffrer.
Ca se eles ouuessen tal.
coita q$^{\omega}$l ogeu ei damor.
ou soffresen tā muito mal.
comeu soffro por mia sēnor.
log aueran[65] aquerer. {am}[66]
mui mais sa morte catēder
de uiuerē tā sen sabor
Comogeu uiu e non poral[67] {Comogeu} ‹uiu e nō poral›
e poresto soffr(o̧)[68] amayor
coita do mūdo e mayor mal.
por q̄ nō sōo sabedor
da questo que ouzo dizer
e esto me faz defender.
de mort e nō doutro pauor.

NOn tenneu que coitados son.

[f. 5v] [col. a]

damor atal est o meu sen aqueles q̄
non an seu ben eque teen atal razō
{r} que poden sa coita perder[69]. qual de
